



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
O CONCELLO DO CARBALLIÑO PARA A PROMOCIÓN DA RESIDENCIA DE TEMPO
LIBRE DO CARBALLIÑO**

O Carballiño, 14 de Agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte,

D. José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado en virtude do Decreto 126/2015, do 4 de outubro, e actuando en uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte,

D. Francisco José Fumega Piñeiro, alcalde do Concello do Carballiño, ao que representa consonte os artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambalas dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación



con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Concretamente, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 2, define os servizos sociais como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, competencias atribuídas neste ámbito á Consellería de Política Social a través do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social dispón de dous centros destinados ao lecer das familias, as Residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño, ás que se lles quere dar un fondo contido social e posibilitar o acceso de familias a un período vacacional nestas residencias.

CUARTO. Que o Concello do Carballiño, ao abeiro do artigo 80.2.n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, ten competencia en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas, de ocupación do tempo libre e de turismo dentro do ámbito municipal.

QUINTO. Que, tendo en conta a relevancia da Residencia do tempo libre do Carballiño no desenvolvemento da economía e do turismo da Comarca e a importancia de atraer visitantes e incrementar a demanda de estadias e servizos, resulta de interese a cooperación entre ambas administracións.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e o Concello do Carballiño consideran conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración con base nas seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello do Carballiño para a promoción da Residencia de tempo libre do Carballiño.

Para isto, o Concello do Carballiño proporcionará aos diferentes e posibles usuarios da residencia a información e promoción relativa a aquela co fin de conseguir chegar a un maior número de futuros usuarios da instalación durante todo o período anual.

Así mesmo, o Concello de Carballiño fará extensiva a súa oferta de actividades de lecer e recursos turísticos, co fin de que os futuros usuarios da Residencia de Tempo Libre do Carballiño poidan participar gratuítamente en calquera delas.

Polo tanto, a colaboración institucional con base no interese público compartido por ambas partes na promoción da Residencia de tempo libre do Carballiño e do turismo de toda a comarca, sen contraprestación económica, instrumentase a través deste convenio.

SEGUNDA. COLABORACIÓN EN MATERIA DE PROMOCIÓN

O Concello do Carballiño comprométese a:

a) Incorporar toda a información relativa á Residencia de tempo libre do Carballiño á súa web municipal, así como un link de ligazón co Portal de Benestar, na cal se facilite información de interese para o usuario.

b) Enviar á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o material promocional relacionado e dixitalizado sobre as actividades de lecer e recursos turísticos municipais, mediante correo electrónico, no formato que permita a súa difusión, para proceder a través das canles daquela a un maior coñecemento da información.





c) Informar na Oficina municipal de turismo e na páxina web do concello dos servizos e recursos turísticos destacados dos municipios da comarca, incluíndo horarios de apertura para a visita turística, accesos, programacións, festas locais, etc.

d) Confeccionar material relacionado coa promoción da Residencia de tempo libre do Carballiño e, para isto, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, logo da correspondente autorización do órgano competente, poderá facilitar, no seu caso, material fotográfico das instalacións e servizos da mencionada residencia.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, poderá autorizar ao Concello do Carballiño a realizar campañas de promoción e difusión da Residencia de tempo libre do Carballiño co obxectivo de captar futuros usuarios para esta.

O material turístico confeccionado precisará autorización previa da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a súa publicación e difusión.

TERCEIRA. OCUPACIÓN E RESERVAS

O Concello do Carballiño comprométese a facilitar a participación gratuíta das persoas que gocen de estancias na Residencia de tempo libre do Carballiño en actividades organizadas polo propio concello.

O Concello do Carballiño promocionará o uso da Residencia de tempo libre do Carballiño, que prestará servizos en tempada baixa e media sempre que a demanda acade un mínimo do 80% da ocupación da antes citada residencia.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica comprométese a facilitar unha canle de reserva de prazas para futuros usuarios da Residencia de tempo libre do Carballiño, que en tempada alta (meses de xullo, agosto e do 1 ao 10 de setembro) se axustará ao disposto no procedemento de adxudicación de estadías e servizos nas residencias de tempo libre que se convoca anualmente, así como os enlaces necesarios para o coñecemento das actualizacións dos correspondentes prezos.



A xestión das reservas será en todo caso responsabilidade da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e o Concello do Carballiño dirixirá aos interesados ao departamento que sexa designado para tal fin pola propia Dirección Xeral.

CUARTA. FINANCIAMENTO

O Concello do Carballiño asumirá os custos de envío dos materiais de información e promoción turística editados por aquel para a promoción e oferta da residencia de tempo libre do Carballiño.

O Concello do Carballiño comprométese a incluír en todo o material turístico obxecto deste convenio os logos da Xunta de Galicia – Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

QUINTA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SEXTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aplicando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.





SÉTIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Para o seguimento do convenio créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- O alcalde do Concello do Carballiño, ou un vogal do concello en quen delegue.
- A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que poderá delegar na subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, a persoa que ocupe a dirección da Residencia de tempo libre do Carballiño.

A mencionada comisión elaborará un informe semestral no que se analizará a evolución do convenio e se propoñerán as posibles melloras.

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, podendo prorrogarse se non media denuncia por algunha das partes.

NOVENA. ACOLLIDA DE REFUXIADOS

No caso de que a Residencia de tempo libre do Carballiño tivese que acoller a grupos de refuxiados nas súas instalacións, o presente convenio quedaría en suspenso.





DÉCIMA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

DÉCIMO PRIMEIRA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Dará lugar á resolución do presente convenio o incumprimento das cláusulas do convenio por algunhas das partes asinantes.


DÉCIMO SEGUNDA. CUESTIÓNS LITIXIOSAS

Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestión litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL



José Manuel Rey Varela

O ALCALDE DO CONCELLO DO CARBALLIÑO



Francisco José Fumega Piñeiro